ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
PU21001

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinario A carreira funcionarial na Administración galega

CONVOCATORIA: Webinario A carreira funcionarial na Administración galega

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	**PLAN:**	FONDOS EGAP	**HORAS:**	2
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2021
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	**TIPOLOXÍA:**	DIVULGACIÓN	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 06/01/2021 - 08:00h ao 14/01/2021 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Este seminario web ten como obxectivo analizar o réxime vixente da carreira administrativa do funcionariado público, nas súas distintas modalidades de carreira horizontal e vertical e promoción interna, prestando especial atención á progresiva introdución da carreira horizontal, establecida polo EBEP e recollida na Lei do emprego público de Galicia.

Tal como explica a exposición de motivos desta Lei do emprego público de Galicia, dada a novidade e a complexidade da configuración dun sistema de promoción profesional deste tipo, que, ademais, non supuxo a supresión do sistema de carreira vertical e promoción interna xa existente, senón que se engade a el, a súa efectividade queda aprazada ao momento en que por vía regulamentaria se proceda ao seu desenvolvemento pormenorizado.

Non obstante, o número 4 engadido á disposición transitoria oitava desta lei pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, introduciu un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal, que anticipa a futura implantación da carreira horizontal, e iso fai precisa a súa análise no contexto e desde a perspectiva referidos.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e dos seus entes instrumentais e da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

Este seminario web abordará os seguintes contidos:
I. Introdución: antecedentes históricos da carreira administrativa do funcionariado público.
II. Ámbito de aplicación das normas da Lei do emprego público de Galicia sobre a carreira profesional e a promoción interna.

III. A carreira profesional dos funcionarios e as funcionarias de carreira.
III.1. Concepto e modalidades da carreira profesional.
III.2. A carreira horizontal na Lei do emprego publico de Galicia. O sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira.
III.3. A carreira vertical: remisión aos sistemas de provisión de postos de traballo.
III.4. Relacións entre carreira horizontal e vertical.

IV. A promoción interna dos funcionarios e as funcionarias de carreira.
IV.1. A promoción interna vertical.

IV.2. A promoción interna horizontal.

V. Conclusións. Carreira profesional e avaliación do desempeño.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en nome do curso: Webinario A carreira funcionarial na Administración galega.

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 da convocatoria.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 21/01/2021 a 21/01/2021
NUM. PRAZAS: 60	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

LUIS MIGUEZ MACHO

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: O día 21 de xaneiro de 12:00 a 13:30. https://egap.xunta.gal/aulavirtual

Sala telepresenza: O día 21 de xaneiro de 12:00 a 13:30. https://egap.xunta.gal/aulavirtual

Sala telepresenza: O día 21 de xaneiro de 12:00 a 13:30. https://egap.xunta.gal/aulavirtual